

CONTOS SEN FADAS

OBXECTIVOS

- Identificar os elementos de realidade e fantasía que conteñen os contos
- Ver as historias que nos narran os medios desde o punto de vista dos seus protagonistas.
- Coñecer que todos os nenos e nenas teñen dereito á protección, sexa cal sexa a súa orixe ou as súas circunstancias.
- Aprender as claves para empatizar con outros nenos e nenas, tanto de lugares afastados como da nosa contorna próxima.

MATERIAIS NECESARIOS

- Vídeo: "O paseo de Mustafá", dispoñible en <https://youtu.be/vT9xUzz6PG0>
- Vídeo: "Ivine e a súa almofada", dispoñible en <https://youtu.be/ybfMfDDF6D8>
- Vídeo: "Malak e o barco", dispoñible en <https://youtu.be/pC-KOS4TQ0M>


MATERIAL DE APOIO

- Guía de actividades e recursos de educación en dereitos e cidadanía global sobre os dereitos dos nenos e nenas migrantes e refuxiados, dispoñible en unicef.es/educa

Os contos ás veces narran situacións protagonizadas por nenos e nenas que se confrontan a problemas que ningún neno debería sufrir: personaxes malvados, feras salvaxes, mazás envelenadas, ameazas á súa supervivencia, discriminación, encerros e illamento, pobos destruídos... Nos contos, grazas ás fadas, a xustiza prevalece e os protagonistas recuperan os seus dereitos. Pero, que ocorre cando un conto narra unha historia real onde non podemos recorrer á maxia? Na serie "Unfairy tales" de UNICEF, tres nenos sirios narran a súa historia en primeira persoa, baixo a aparencia dun conto de fadas. Para dar á súa historia un final feliz, a clase terá que ser a fada.

Desenvolvemento da actividade

Proxéctanse os vídeos na aula (os tres ou algún deles). A historia é narrada polo seu protagonista no seu idioma orixinal, así que se poden seguir os subtítulos ou ser lidos en voz alta por quendas entre todos.





Mentres vemos os vídeos, ou ao finalizar, podemos facer algunhas preguntas que nos axuden a comprender mellor as historias:

- Por que emprenden os protagonistas a viaxe? Podían elixir non facelo?
- A viaxe é perigosa? Que perigos afrontaban se non viaxaban?
- En que idioma falan? De onde son?
- Que deixaron atrás? Que esperan conseguir?
- A que renuncian durante a viaxe?
- Como senten? Como sentirías ti?
- Alguén lles axuda? Quen podería axudarlles?
- Identificas algunha das escenas do vídeo con imaxes que vises nas noticias?
- Como continuarías as historias para que teñan un final feliz? (sen recorrer á maxia).

O debate pódese pechar cunha reflexión sobre o dereito á protección de toda a infancia e o deber de socorro. Nos contos de fadas os problemas soluciónanse de forma máxica, pero cando un neno ou nena real ten problemas (en países afastados ou na nosa contorna próxima), temos a responsabilidade de axudarlle.

CELEBRACIÓN DO DÍA DA INFANCIA



O 20 de novembro celébrase o día dos dereitos de todos os nenos e nenas. Podemos aproveitar esta celebración para elaborar entre todos un pasaporte de acollida que reforce o noso dereito á identidade, á cidadanía e á protección e no que poderemos convidar simbolicamente a nenos e nenas en busca de refuxio e acollida, como Mustafá, Ivine e Malak. Podes descargar o modelo e obter máis información sobre esta actividade en www.unicef.es/educa





Edición:

UNICEF Comité Español

www.unicef.es/educa

Os materiais educativos, recursos e actividades sobre dereitos de infancia, desenvolvemento sustentable e cidadanía global forman parte do traballo en Educación en Dereitos e Cidadanía Global de UNICEF Comité Español, estando anteriormente publicados baixo a marca Enrédate e a web enredate.org. Os feitos e opinións aquí mostrados non representan necesariamente o punto de vista de UNICEF.

UNICEF promove os dereitos e o benestar de todos os nenos e nenas en todo o que facemos. Xunto aos nosos aliados, traballamos en 190 países e territorios para transformar este compromiso en accións prácticas, centrando especialmente os nosos esforzos en chegar aos nenos máis vulnerables e excluídos para o beneficio de todos os nenos, en todas partes.



cooperación
española

Esta publicación forma parte dun proxecto financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID): "Promover o compromiso social co desenvolvemento e os dereitos da infancia desde o sistema educativo español". O contido desta publicación non reflicte necesariamente a opinión da AECID.



Esta obra ten unha licenza Creative Commons Atribución-Non comercial-Non derivadas 4.0 Internacional, excepto nos contidos con noutro tipo de licenza definido.